

# BOLETÍN DE IGUALDADE

*Publicación mensual da Unidade de Igualdade*



Imaxe da performance «Un violador en tu camino» de Las Tesis o 20 de novembro de 2019 en Valparaíso (Chile)

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## **Unidade de Igualdade**

Edificio Ernestina Otero 1º andar

Campus universitario

Vigo-36310

[igualdade@uvigo.gal](mailto:igualdade@uvigo.gal)

986 813 419



---

## CONTIDO

---

AXENDA.....	3
FORMACIÓN.....	4
XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIOS.....	4
CONVOCATORIAS.....	5
SUXESTIÓNS.....	6
RECURSOS.....	10
REVISTAS.....	14
NOVAS DO DUVI.....	17
NOVAS.....	18
DATOS.....	20
FERRAMENTAS DE IGUALDADE.....	20

## CALENDARIO DA IGUALDADE

2025

## NOVEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
43	27	28	29	30	31	1 Día de Todos os Santos	2
44	3	4	5	6	7	8	9
45	10	11 San Martiño — Festivo local en Ourense	12	13	14	15	16
46	17	18 Día Internacional das Persoas LGBTQI+ na Ciencia	19	20 Día Internacional da Memoria Trans	21	22	23
47	24	25 Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller	26	27	28	29	30

## AXENDA

**17 de novembro.** Xornada Ante as violencias sexuais, nós avanzamos cara á igualdade.

De 12:00 a 14:00 h e de 16:00 a 18:00 h na Aula Magna Concepción Arenal da Facultade de Dereito do Campus de Ourense.

O programa definitivo desta actividade e do resto de accións programadas nos diferentes centros estará dispoñible proximamente na [web da Unidade de Igualdade](#).

## FORMACIÓN

---



### O acoso sexual e o acoso por razón de sexo no ámbito universitario.

No mes de novembro anunciaranse as datas para realizar un novo curso do Itinerario Formativo Virtual en Xénero que actualiza os contidos ao novo [Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da Universidade de Vigo](#) (dispoñible en galego, castelán, inglés e lectura fácil).

A información será divulgada polas canles habituais da universidade e nos perfiles en redes sociais da Unidade de Igualdade (IG e LinkedIn).

**A perspectiva de xénero nas políticas sanitarias** (40 h). Curso da Escuela Virtual de Igualdad en liña reservado a persoal sanitario con certificado de aproveitamento. Iranse abrindo grupos ata 2026 que se cubrirán por orde de inscrición. [+Info](#)

**As Rebeldes Periféricas.** Dispoñibles os audios do curso organizado por Traficantes de Sueños sobre a historia dalgunhas das mulleres que protagonizaron as revolucións desde os anos 60 do século XIX ata os anos 30 do século XX. [+Info](#)

**Campus Virtual de UNFPA.** Formación en liña asíncrona con varias accións formativas dispoñibles. [+Info](#)

**Feminismo, xénero e política.** MOOC da Universitat Autònoma de Barcelona. (ES) [+Info](#)

**Cursos en liña de autoformación Eu sei de xénero de ONU Mulleres** (ES) [+Info](#)

**V Ciclo de seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdade.** De novembro do 2024 a xuño do 2025. (ES) [+Info](#)

**Cátedra Extraordinaria Valores Democráticos e Xénero.** (ES) [+Info](#)

**Escola Virtual de Igualdade | Cursos gratuítos en materia de igualdade.** Inscrición aberta ata cubrir as prazas dispoñibles. (ES) [+Info](#)

## XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIOS

---

**Jornada Conectadas y vulnerables: violencia sobre la mujer en entornos digitales.** O 5 de novembro ás 16:30 h no Centro de Atención Integral para Víctimas de Violencia Sexual de Alacante. Organizado pola Universitat de València. [+Info](#)

**I Congreso Internacional Estudos de Xénero na era dixital.** 6 e 7 de novembro, en liña. [+Info](#)

**I Jornadas Un problema de raíz. Arte feminista y memoria.** O 07 de novembro, organizado desde a Universidad Rey Juan Carlos. [+Info](#)

**II Jornada Interuniversitaria: Tolerancia cero frente al maltrato. ¡RUIGEMA quiere buen trato!** [+Info](#)

Organizada pola Red de Unidades de Igualdade de Género Madrileñas o 12 de novembro, con posibilidade de seguirse en streaming.

**Congreso Internacional “Violencia de Género y Mujeres en Riesgos de Exclusión Social.** Universidad de Sevilla. 20 e 21 de novembro. [+Info](#)

**Coloquio internacional de Estudos das Mulleres e de Xénero. Xenealoxías feministas: no fío da memoria. Homenaxe a Margarita M. Birriel Salcedo.** Do 10 ao 12 de decembro de 2025 na Universidad de Granada. (ES e EN) [+Info](#)

**V Jornada de reflexión sobre el acoso en la universidad.** Terá lugar na Universidad de Sevilla o 11 de decembro de 2025. [+Info](#)

**II Congrés Càtedra UB de Perspectiva de Gènere i Feminismes Ciutat de Cornellà.** Universitat de Barcèlona, do 10 ao 12 de decembro de 2025. [+Info](#)

## CONVOCATORIAS

---

**Revista de Estudios de Género *La Ventana.*** [+Info](#)

Data límite de envío o 22 de novembro do 2025.

**Revista *Feminismo/s* número 49** (publicarase en xaneiro do 2027). Cineastas africanas: sociedade, cultura e política.

A data límite para o envío de artigos a través da páxina web da revista é o 31 de xaneiro de 2026.

**Revista *Cuestiones de Género de la Igualdad y la Diferencia.*** Está aberta a convocatoria 2025-2026 para o envío de artigos para formar parte do monográfico sobre Mulleres na historia de América Latina e o Caribe: Axencias, desafíos achegas desde a época moderna ata a actual, ata o 28 de febreiro do 2026. [+Info](#)

***Behavioral Sciences.* Número especial: Violencia sexual contra as mulleres en todos os contextos: prevención, educación e intervención.** [+Info](#)

Prazo aberto ata o 26 de maio do 2026.

**Novo número de *JMIR Medical Education:* Negos, Diversidade, Inclusion, e Competencia cultural en Educación Médica.** [+Info](#)

Aberto ata o 31 de xullo do 2026.

## SUXESTIÓNS



Fotograma da película *¿Quién engañó a Roger Rabbit?* de Robert Zemeckis

Na análise da violencia sexual, Noemí López Trujillo apunta á maneira en que a sociedade sitúa o foco sobre a feminidade, converténdoa en obxecto de xuízo, control e sospeita. No seu ensaio *Me dibujaron así. Por qué el mundo odia la feminidad* (2025), describe como moitas mozas creceron asumindo que esta forma de expresión da feminidade era sinónimo de frivolidade ou desviación, e como a propia expresión feminina se converte a miúdo en motivo de humillación ou culpabilización. A autora denuncia o que denomina *femefobia*, que describe o rexeitamento social da estética, dos desexos e das

expresións ligadas ao feminino, que acaba funcionando como unha forma máis de violencia e sinalando ás mulleres —especialmente ás que rompen expectativas de xénero respecto á sexualidade— como obxecto lexítimo de acoso ou agresión.

A construción da figura da *femme fatale* na cultura visual é clave para entender como se artella o mito da feminidade perigosa, sensual e subversiva e entender a tensión arredor da idea do poder feminino. Desde o cine negro clásico ata a publicidade contemporánea, a *femme fatale* representa ese modelo de muller fascinante e destrutiva que, segundo sinala Erika Bornay no ensaio *Las Hijas de Lilith* (1997), serve para personificar as ansiedades masculinas e os medos sociais ante o poder feminino e a sexualidade autónoma. A historiadora explora como este mito canaliza os discursos sobre a culpa, o pecado e a transgresión, ligando o corpo feminino co perigo e a perda. O traballo *Cinema Studies: the key concepts* (2000) de Susan Hayward describe a persistencia deste arquetipo, que alimenta estereotipos e tamén posibilidades de resignificación. Neste punto de fuga vemos como, nas últimas décadas, moitas directoras e artistas contemporáneas reinterpretan e subverten a *femme fatale*, xogando co seu potencial emancipador.

No entanto, recentemente e no contexto internacional, esta violencia simbólica e social parece estar articulándose a través de novas formas como a das patrullas *Szon Patrol* en Polonia. Este fenómeno consiste en grupos de mozos —e mesmo adultos— que, equipados con chalecos fosforescentes, percorren rúas gravando e acosando a adolescentes e mulleres que eles consideran «vestidas de forma provocativa», difundindo masivamente os vídeos en redes sociais. Estes grupos, que están sendo investigados polas autoridades polacas, promoven unha cultura de odio e escrutinio público ao corpo feminino, normalizando o acoso e facendo das vítimas o centro do problema, non dos acosadores. Exemplos así poñen de relevo a necesidade de seguir traballando na formación e a atención ás violencias sexuais contra mulleres e nenas, e de desmontar a culpabilización feminina e reivindicar os dereitos das

mulleres ao control dos seus corpos e á liberdade de expresión sen sentir medo nin sufrir violencia.

A violencia sexual no ámbito universitario é unha realidade, frecuentemente invisibilizada, que afecta a todo tipo de institucións de investigación e de ensino superior. Segundo [datos recollidos nas 50 universidades públicas españolas](#), ao longo da última década rexistráronse máis de 1 000 casos de acoso sexual, por razón de sexo, xénero ou orientación, e máis de 2 000 casos contando todas as formas de acoso e violencias notificadas, incluíndo consultas xurídicas e psicolóxicas ás unidades de igualdade.

Sen embargo, moitas expertas sinalan que como sucede noutros ámbitos da vida estes datos son só a punta do *iceberg*: a inmensa maioría das situacións de violencia sexual non chegan a formalizarse en denuncia, ben por medo, por falta de confianza nos protocolos institucionais ou por carencias nos apoios para a vítima. Destacan que, especialmente, as relacións de poder e a vulnerabilidade do estudantado e de profesionais con contratos máis precarios teñen que ser observadas con especial atención. Ademais, [no contexto europeo](#) e español, as mulleres son as principais vítimas deste tipo de violencias, que tamén afectan ás persoas do LGTBIQ+ e doutros colectivos vulnerables.

Os estudos empíricos realizados na [Universidade de Vigo](#)<sup>1</sup>, na Universidad Complutense de Madrid e na Universidad de Cádiz evidencian a presenza de situacións susceptibles de ser consideradas acoso sexual, sexista ou por orientación ou identidade de xénero entre estudantado e persoal, así como dificultades no recoñecemento e abordaxe eficaz destes casos.

Como sinalan desde a UCA, as dificultades para a eliminación do acoso sexual dentro das organizacións debe entenderse como unha dinámica complexa que implica a interacción de varios elementos: por unha banda, o feito de que moita xente -a grande maioría- cumpre de maneira natural coa prohibición destes comportamentos porque así o marcan os valores sociais actuais; por outra, a presenza doutras condutas e crenzas que seguen facilitando ou xustificando o acoso, especialmente en contextos onde o sexismo e outras desigualdades estruturais permanecen activos e por último a a mobilización polos dereitos das vítimas e os seus apoios.

Nesta dinámica, as chamadas «pautas de resistencia», rompen co patrón do cumprimento habitual e abren a porta a que se dean situacións de acoso, moitas veces porque quen as comete

---

<sup>1</sup> A Unidade de Igualdade está agora mesmo completando o traballo de campo e a análise dos datos para presentar a segunda diagnose de acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo, que actualizará os resultados recollidos no traballo previo publicado no ano 2018.

Na primeira parte da diagnose, xa pechada, participaron 425 integrantes do PDI e 214 persoas do PTXAS.

non identifica como inapropiada a súa actuación, ao normalizala ou vela como continuidade de prácticas toleradas pola institución ou pola cultura do grupo.

Neste contexto, resulta fundamental a acción das vítimas e dos seus apoios á hora de activar dereitos e mecanismos de protección. Esta activación pode adoptar formas formais, recorrendo aos procedementos oficiais e legais existentes —como protocolos internos ou denuncias ás autoridades— ou decantarse por vías máis informais e comunitarias, como a intervención colectiva, o afrontamento directo con quen acosa, ou a denuncia pública a través de medios e redes sociais. Aínda que estas vías alternativas non sempre implican unha denuncia formal, si poden contribuír a dar visibilidade ao problema, reforzar o apoio ás vítimas e mesmo recoñecerlles autonomía fronte ás loxísticas institucionais que, nalgúns casos, dificultan ou ralentizan o proceso de amparo.



Imaxe de pancartas utilizadas nas mobilizacións no mes de setembro en Arxentina polo feminicidio de Morena, Brenda e Lara

A resposta das universidades mellorou nos últimos anos. Segundo se recolle [nun informe da Fundación CYD](#) arredor do 97 % das universidades públicas españolas dispón de protocolos específicos de prevención e actuación diante do acoso sexual e por razón de sexo, e máis do 90 % desenvolven campañas de sensibilización e formación. Non obstante, só un terzo das universidades abriu expedientes por acoso, e só en un de cada cinco casos concluíron co

despido da persoa denunciada, o que revela dificultades para garantir a erradicación deste tipo de condutas.

Se analizamos os protocolos, que están publicados e accesibles nas páxinas webs das universidades cumprindo co requisito de comunicación a toda a comunidade universitaria, adoitan incluír:

- Declaración de tolerancia cero ante todo tipo de violencia sexual, acoso ou discriminación.
- Medidas de prevención, que abarcan campañas de sensibilización, formación a estudantado e persoal, difusión de información e accións de promoción da igualdade.
- Procedemento claro para a denuncia, que permite presentar queixas de xeito confidencial, con garantías de non represalias e máximo respecto á intimidade. Nalgunhas, como é o caso da [UVigo](#), existe unha ventanilla única para tramitar estas situacións, facilitando o procedemento, evitando a revictimización e acelerando os prazos de resolución (habitualmente entre 15 e 30 días desde a denuncia).
- Intervención profesional, con acompañamento psicolóxico, asesoramento xurídico e protección integral á vítima durante todo o proceso ben propio, ben a través da derivación a outros recursos especializados.
- Comisións técnicas e de seguimento, órganos específicos encargados da investigación, valoración, sanción e seguimento dos casos, e a previsión de manter a mellora continua do protocolo.
- Actualización e adaptación constante do protocolo segundo as situacións que se vaian coñecendo e os contextos socioculturais, incluíndo informes de seguimento e propostas de mellora.

O enfoque actual e maioritario dos protocolos de acoso sexual e por razón de sexo nas universidades públicas españolas incide en:

- Sensibilización e capacitación de toda a comunidade universitaria.
- Procedementos de denuncia áxiles e seguros.
- Protección da vítima e acompañamento profesional.
- Seguimento dos casos e mellora continua das medidas.

A formación nas universidades españolas ten demostrado un impacto positivo e medible sobre as comunidades universitarias, segundo varios informes, estudos e proxectos avaliados recentemente. A Universidade de Vigo continúa reforzando a formación neste eido con dúas liñas de traballo paralelas e complementarias: por unha banda a formación específica sobre como actuar ante o acoso sexual e o acoso por razón de sexo na universidade, con accións formativas ao longo de todo o ano, ademais do programa piloto [Voces de Cambio](#) que se desenvolveu nos meses de setembro e outubro en dez centros voluntarios dos campus de Ourense e Vigo e no que participaron 268 estudantes de 1º e 2º curso, un curso propio dentro

do Itinerario Formativo Virtual en Xénero que se levará a cabo nos meses de novembro e decembro ou unha acción formativa adaptada para o persoal das bibliotecas universitarias. E, por outra banda, co traballo no reforzo das [masculinidades coidadosas](#), como unha estratexia activa de prevención, que este ano continúa cunha diagnose da situación dos coidados desde unha perspectiva corresponsable en todos os sectores da comunidade universitaria, e con dúas sesións formativas en grupos do Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino en Idiomas. Formación e Orientación Laboral, e nas facultades de Educación e Traballo Social e de Filoloxía e Tradución.



Fotografías dalgunhas das sesións formativas do programa Voces de Cambio

A universidade debe manter un compromiso activo na abordaxe das violencias machistas, nomeadamente das violencias sexuais como o acoso, xa que a formación é fundamental para transformar as actitudes, fortalecer a igualdade de xénero, reforzar a autonomía de todas as persoas que integran a comunidade universitaria e xerar cambios reais nas prácticas e políticas institucionais. O seu impacto evidencia a utilidade de apostar pola formación vivencial, polas e pola participación activa de toda a comunidade universitaria.

## RECURSOS

Medo aos tiroteos masivos e opinión sobre o control de armas: Un estudo en persoas adultas emerxentes na América contemporánea. (EN) [+Info](#)

Auto-obxectificación e a capacidade de buscar información sobre riscos na toma de decisións sobre cirurxía estética feminina. (EN) [+Info](#)

O nexo da socialización, a alfabetización, a capacidade e o benestar financeiros: perspectiva das mulleres mediante un enfoque de modelado por ecuacións estruturais. (EN) [+Info](#)

O desenvolvemento humano e a desigualdade de xénero están asociados coa aptitude cardiorrespiratoria: unha revisión sistemática global do pico de VO<sub>2</sub>. (EN) [+Info](#)

A xeración multilingüe de texto a imaxe magnifica os estereotipos de xénero. (EN) [+Info](#)

Mulleres, adiccións, saúde mental, deshonestidade e estigma da delincuencia: solucións para reducir os danos sociais do estigma. (EN) [+Info](#)

Disparidade de xénero no transplante pulmonar no sistema de puntuación de asignación pre e pos-transplante composto. (EN) [+Info](#)

Resultados adversos do embarazo e risco a longo prazo de fibrilación auricular. (EN) [+Info](#)

Informe anual CIMA. A representación das mulleres do sector cinematográfico da longametraxe española. (ES) [+Info](#)

Contrataríate ChatGPT? A túa idade e o teu xénero importan. (EN) [+Info](#)

«Se un calzado fose deseñado a partir do pé dunha muller, correría sen lesionarme?»: necesidades e preferencias de calzado para correr de corredoras recreativas e competitivas ao longo da súa vida. (EN) [+Info](#)

Adversidade social e incidencia de cancro de mama triplo negativo entre mulleres negras. (EN) [+Info](#)

Perspectivas sobre a equidade de xénero 2025: O poder do equilibrio. (EN) [+Info](#)

TEPT no ano posterior á agresión sexual: unha metaanálise de estudos prospectivos. (EN) [+Info](#)

Deseño de guías de práctica clínica para unha atención equitativa, inclusiva e contextualizada. (EN) [+Info](#)

Danos para mulleres e nenos derivados do consumo de alcol por parte dos homes: unha revisión da evidencia e indicacións para as políticas. (EN) [+Info](#)

Distorsión de idade e xénero nos medios en liña e nos grandes modelos lingüísticos. (EN) [+Info](#)

Negos de sexo e tabaquismo na selección de mutacións somáticas na vexiga humana. (EN) [+Info](#)

O cerebros dos homes encóllense máis rápido que os das mulleres: que significa isto para o Alzheimer. (EN) [+Info](#)

O legado de Jane Goodall: tres formas nas que ela cambiou a ciencia. (EN) [+Info](#)

Boletín núm. 8: Paridade e representación equilibrada de mulleres e homes. (ES) [+Info](#)

Unha análise con perspectiva de xénero das actividades de transferencia do coñecemento e emprendemento (TC+ E) no Sistema Universitario Español. Propostas para superar fendas. (ES) [+Info](#)

As mini placentas e ovarios revelan as bases da saúde das mulleres. (EN) [+Info](#)

Representación da dor e a ferida nos libros infantís ilustrados. Unha análise de contido. (EN) [+Info](#)

O estado da maternidade en Europa 2024. (EN) [+Info](#)

In\_Mujeres. Monografías Feministas. Xuventude. (ES) [+Info](#)

A perspectiva de xénero na docencia nas universidades da Xarxa Vives. Situación actual e retos de futuro. (CA) [+Info](#)

Lembrando para esquecer: memoria interxeracional para as mulleres ruandesas sobreviventes de violacións xenocidas e as criaturas nadas de violencia sexual relacionada co conflito. (EN) [+Info](#)

Grazas por compartir: as imaxes paródicas e con actitude positiva sobre o corpo aumentan a satisfacción corporal das mulleres e predín as intencións de acción colectiva a través da gratitude. (EN) [+Info](#)

As disparidades lingüísticas, económicas e de xénero amplían a fenda de produtividade científica. (EN) [+Info](#)

A complexidade de xénero do patrocinio: como os obxectivos dos patrocinadores e patrocinadoras configuran as súas estratexias de redes sociais. (EN) [+Info](#)

Pobreza e desvantaxe social en mulleres e homes e resultados de fecundidade. (EN) [+Info](#)

Mulleres no liderado da auga en África: os números non menten (EN) [+Info](#)

Tendencias temporais no suicidio entre adolescentes e persoas adultas novas nos Estados Unidos, Canadá e Corea do Sur: 2001–2023. (EN) [+Info](#)

**Influencia do sexo e o diagnóstico nas variables clínicas e no rendimento neurocognitivo na enfermidade mental grave. Resultados do estudo PsyCourse. (EN) [+Info](#)**

**Descompoñendo as barreiras á igualdade salarial: examinando os factores predictivos diferenciais da fenda salarial de xénero por grupo socioeconómico. (EN) [+Info](#)**

**Identificación das interaccións xene-hormona sexual asociadas á diabetes tipo 2 en homes e mulleres. (EN) [+Info](#)**

**As asociacións entre tres medidas de importancia e o esgotamento, a soidade, a autoestima e a esperanza a través de diferentes niveis educativos: inxerencias de estudantes de primaria, secundaria, bacharelato e universidade. (EN) [+Info](#)**

**A influencia da cultura nacional na iniciación do apoio en programa de desenvolvemento de talento STEMM: perspectivas das persoas mentoradas. (EN) [+Info](#)**

**Diferencias de xénero nas respostas comportamentais e psicolóxicas ante crises: unha análise Oaxaca-Blinder a nivel multinacional. (EN) [+Info](#)**

**Predición de resultados do fútbol feminino mediante aprendizaxe automática: análise comportamental dos goles como eventos de alta tensión. (EN) [+Info](#)**

**Demasiado pouco tempo para coidar dos meus seres queridos: pobreza de tempo para a calidade do coidado e o papel moderador do capital social comunitario entre as persoas coidadoras nas familias. (EN) [+Info](#)**

**Ansiedade ambiental e a cuestión de ter criaturas. (EN) [+Info](#)**

Un podcast de Jade S. Sasser, doutora en estudos ambientais e profesora na Universidade de California en estudos de xénero e sexualidade, sobre as emocións que acompañan a crise climática e como están a dar forma a cuestións fundamentais sobre se, cando e como ter criaturas.

**O estado da educación sexual: leis e regulamentos estatais que obrigan á educación sexual nos Estados Unidos. (EN) [+Info](#)**

**Respostas de xénero e comportamento dos observadores ao acoso sexual no lugar de traballo a través da empatía: o papel moderador da intolerancia organizativa. (EN) [+Info](#)**

**A Copa Mundial Feminina e o xénero no deporte: explorando os impactos percibidos das comunidades anfitriñas e o apoio futuro ao desenvolvemento do turismo. (EN) [+Info](#)**

Menstruación e benestar: un estudo de grupo focal para analizar como a menstruación afecta o benestar das mulleres de 18 a 40 anos. (EN) [+Info](#)

Sol, mar e violencia sexual: a economía política do turismo de festas. (EN) [+Info](#)

#Non+ViolenciaSexual *Online* (GA e ES) [+Info](#)

Quero ser investigadora 5. (GA) [+Info](#)

O sexo de nacemento non é sempre aleatorio — a idade da nai e a xenética poden influír. (EN) [+Info](#)

Prexuízos de xénero sintácticos e semánticos na linguaxe da televisión infantil: evidencias dun corpus de 98 programas de 1960 a 2018. (EN) [+Info](#)

«Só quería ser coma calquera outra...»: Exploración cualitativa das perspectivas das mulleres sobre a mutilación/ablación xenital feminina e o seu posible abandono en Somalia. (EN) [+Info](#)

A evolución das relacións de dominancia entre machos e femias nas sociedades de primates. (EN) [+Info](#)

O papel do xénero na configuración do efecto do voluntariado na participación electoral por primeira vez. (EN) [+Info](#)

«Basicamente estás espida»: un estudo cualitativo sobre por que as nenas abandonan o deporte na adolescencia. (EN) [+Info](#)

Duelo e factores de estrés económico por sexo, xénero e educación. Asociacións con resultados relacionados coa enfermidade de Alzheimer. (EN) [+Info](#)

Informe Xuventude en España 2024. Entre a emerxencia e a resiliencia. (ES) [+Info](#)

Radicalización dentro dunha rede de extremistas extremistas misóxinos: un estudo de caso dun foro *incael*. (EN) [+Info](#)

O estudantado de doutoramento enfróntase a un alto risco de acoso sexual: poden as universidades deter aos seus perpetradores? (EN) [+Info](#)

*Homes de coidado* Unha publicación participativa sobre masculinidades coidadosas da Universidade de Vigo. (GA) [+Info](#)

## REVISTAS

---

*Gender & Society* Volume 39 (outubro do 2025). (EN) [+Info](#)

*Gender, Work & Organization*: Volume 32, Issue 6. (EN) [+Info](#)

*Biology of Sex Differences*. (EN) [+Info](#)

- 
- Femeris*. Vol. 10 Núm. 3 (2025). (ES) [+Info](#)
- Journal of Feminist, Gender and Women Studies*. (2025). (ES) [+Info](#)
- Revista igUALdad*. Volume 27 (2025). (ES) [+Info](#)
- Social Politics*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexualities*. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender, Technology and Development*. Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist & Psychology*. Volume 35 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women & Therapy*. Volume 48 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Anthropology*. Volume 5 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology & Sexuality*. Volume 16 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Economics*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Legal Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence and Gender*. Volume 12 (2025). (EN) [+Info](#)
- Hypatia*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Revista Estudos Feministas*. Volume 33 (2025). (PT) [+Info](#)
- Gender & History*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Sex Research*. Volume 62 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender in Management*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Women Quarterly*. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender and Education*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of General Psychology*. Volume 152 (2025). (EN) [+Info](#)
- Men and Masculinities*. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Criminology*. Volume 20 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Men & Masculinities*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)
- Equality, Diversity and Inclusion*. Volume 44 (2025). (EN) [+Info](#)
- Affilia - Feminist Inquiry in Social Work*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Theory*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender Studies*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)

- 
- Gender Issues*. Volume 42 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender, Place, and Culture* Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence Against Women*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Politics and Gender*. Volume 8 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Language and Sexuality*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Studies*. Volume 25 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women in Sport and Physical Activity Journal*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Women's Studies*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Aging*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Feminist Journal of Politics*. Volume 27 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Minorities in Science and Engineering*: Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Signs*. Volume 50 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Journal of Sexual Health*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality and Culture* Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Men's Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender-Based Violence* Volume 9 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women and Criminal Justice* Volume 35 (2025) (EN) [+Info](#)
- Women's Studies International Forum* Volumes 111 (2025). (EN) [+Info](#)
- Géneros*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women's History Review*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Histories*. Volume 11 (2025). (EN) [+Info](#)
- Religion and Gender*. Volume 15 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality Research and Social Policy*. Volume 22 (2025). (EN) [+Info](#)

---

## NOVAS DO DUVI

---



Begoña Vila durante o seu discurso no acto de investidura como doutora honoris causa da Universidade de Vigo

A UVigo inviste doutora honoris causa á astrofísica Begoña Vila en recoñecemento á súa contribución á exploración do Universo. [+Info](#)

O [acto de investidura](#) está dispoñible no repertorio de UvigoTV.

A Cátedra Feminismos 4.0 financia sete investigacións sobre a perspectiva de xénero en eidos como IA, arte, actividade física ou publicidade. [+Info](#)

O consentimento, a violencia sexual e o pracer das mulleres centran unhas xornadas no campus. [+Info](#)

Relacións Internacionais pon o foco na violencia sexual contra nenas e mulleres. [+Info](#)

Cintecx amosa o lado máis humano da ciencia con «Cámara Aberta ás Mulleres e Homes STEM». [+Info](#)

As mulleres lideran as novas incorporacións ao corpo de docentes catedráticos e titulares da UVigo. [+Info](#)

A astrofísica viguesa Begoña Vila será investida doutora honoris causa da Universidade de Vigo o 29 de outubro. [+Info](#)

Relacións Internacionais pon o foco na violencia sexual contra nenas e mulleres. [+Info](#)

O CINBIO combate a desinformación e fomenta os valores igualitarios no ámbito científico. [+Info](#)

O CINBIO promove a visibilidade das mulleres científicas galegas na Wikipedia. [+Info](#)

UVigo e representantes do mundo da literatura, a crítica e a edición únense para homenaxear a Rexina Vega no Día das Escritoras. [+Info](#)

Unha xornada afonda nos retos e ferramentas institucionais para a non discriminación por razón de xénero no traballo. [+Info](#)

O CSD reconece a excelencia deportiva e académica de Tania Álvarez. [+Info](#)

UVigo e Deputación de Pontevedra lanzan unha nova convocatoria dos Premios GirlGeekPower para fomentar os estudos STEM entre as mulleres. [+Info](#)

Alumnado de Historia achégase á infancia das nenas no mundo antigo. [+Info](#)

Inspira STEAM, sete anos aprendendo a 3 000 mozas e mozos a desbotar estereotipos de xénero nos ámbitos científico e tecnolóxico. [+Info](#)

## NOVAS

---

Begoña Vila, astrofísica da NASA: «Buscamos planetas como a Terra, e o telescopio Roman daranos candidatos». (GA) [+Info](#)

A falta de citas para o asilo castiga ás refuxiadas: «En pandemia e con tres fillos botáronme por non renovar os papeis». (ES) [+Info](#)

De usuarias a creadoras: o papel das mulleres na mobilidade urbana.. (ES) [+Info](#)

A leonesa Capitolina Díaz, premio nacional de Socioloxía e Ciencia Política 2025. (ES) [+Info](#)

Raquel Villaécija: «A moitos acusados do caso Pelicot houbo que explicarlles que o que fixeron era unha violación». (ES) [+Info](#)

Compostos tóxicos nos produtos menstruais: isto é o que sabemos. (ES) [+Info](#)

«O cancro non espera e as nosas vidas tampouco». (ES) [+Info](#)

«Estás a facelo ben»: unha mensaxe básica en matemáticas, sobre todo para as nenas. (ES) [+Info](#)

Eva García, a excaldesa do Porriño, será recoñecida como a primeira vítima oficial do Patronato de la Protección de la Mujer. (ES) [+Info](#)

«Femixenocidio» en Gaza: unha guerra tamén contra as mulleres. (ES) [+Info](#)

As agresións sexuais deixan pegada no cerebro das mulleres e «desconectan» dúas áreas relacionadas co medo. (ES) [+Info](#)

O CINBIO promove a visibilidade das mulleres científicas galegas na Wikipedia. (ES) [+Info](#)

Xi dirixe a represión das feministas chinesas mentres eloxia os avances na conferencia de mulleres. (EN) [+Info](#)

À Punt borra a violencia machista do seu libro de estilo. (ES) [+Info](#)

O aborto en España: un dereito a medias e un arma política. (ES) [+Info](#)

Aborto, un dereito en perigo? (ES) [+Info](#)

O cancro de mama non é rosa. (ES) [+Info](#)

Sanidade, economía, feminismos... os partidos organizaron máis de 200 xornadas no Congreso esta lexislatura. (ES) [+Info](#)

Morre Diane Keaton aos 79 anos: un legado de rebeldía, feminismo e vulnerabilidade. (ES) [+Info](#)

Detectadas en Ourense 24 menores cuxas fotos fueron manipuladas con IA para crear espidos. (ES) [+Info](#)

Pablo Laurta e o seu grupo “Varones Unidos”: dobre femicidio, secuestro e as consecuencias dos discursos de odio. (ES) [+Info](#)

A corte de apelación francesa aumenta a sentenza do violador de Gisèle Pelicot. (EN) [+Info](#)

A maternidade custou o emprego a dúas mil mulleres en Portugal só nun ano. (PT) [+Info](#)

Ayuso bota outro pulso ao Goberno co rexistro de obxetores ao aborto. (ES) [+Info](#)

Jane Goodall cambiou o paradigma da evolución humana e o lugar que ocupamos na natureza. (ES) [+Info](#)

Por que sabemos tan pouco dos medicamentos durante o embarazo? (EN) [+Info](#)

O Consello de Ministros aproba o anteproxecto de Lei orgánica de medidas en materia de violencia vicaria. (ES) [+Info](#)

## DATOS

**Índice de Igualdade de Xénero 2024: Manter o impulso nun camiño fráxil.** [+Info](#)

Publicación realizada polo Instituto Europeo pola Igualdade

**Informe Global de Fenda de Xénero 2024.** [+Info](#)

**Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España** [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

**Científicas en Cifras 2025.** A Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades presentou o novo informe o 6 de marzo na Fundación Francisco Giner de los Ríos (Institución Libre de Enseñanza). (ES) [+Info](#)

**Observatorio Igualdade Emprego** [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

**As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas** (EN) [+Info](#)

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego, inglés e adaptado a lectura fácil

**Recursos contra as violencias machistas da UVigo** (GA/ES/EN e lectura fácil) [+Info](#)

**Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da Universidade de Vigo** (GA, ES e Lectura fácil) [+Info](#)

**Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo** En [Ourense](#) e [Vigo](#).

**CIM- Centros de Información ás Mulleres**  
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20  
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24  
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza de José Martí  
900 119 741 e 986 864 825

**Oficinas de atención á vítima** (nas tres cidades) [Cita previa](#)

**Centros de crise 24h** Atención de mulleres vítimas de violencia sexual da comunidade autónoma de Galicia abertos as 24 horas os 365 días do ano. [+Info](#)

- Vigo: Hospital Álvaro Cunqueiro (Rúa Clara Campoamor, 341, C.P. 36312, Vigo, Pontevedra)

- Ourense: (PAC)-Centro de Especialidades (Rúa do Concello 13, C.P. 32003, Ourense)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero. Accesible a través do portal de descarga da aplicación. [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais [+Info](#)

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)